



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello de Oleiros (A Coruña).-

CERTIFICADO:

Que na sesión extraordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 9 de xullo do 2014, adoptouse o acordo seguinte:

“Punto 2.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN PARCIAL SECTOR SUD-7 “A PEZOCA”, OLEIROS (documento nº 8612 de 13.06.2014)

A Asociación Xestora do Sector SUD-7, presentou para súa aprobación definitiva o PLAN PARCIAL SECTOR SUD-7 “A PEZOCA”, OLEIROS (documento de data 13.06.2014 nº 8612).

O Plan Parcial ten por obxecto a ordenación da edificación de solo urbanizable delimitado SUD-7 “A Pezoca”, Oleiros, co obxectivo de completar a estrutura urbana do núcleo de Oleiros.

O Plan Parcial aprobouse inicialmente por Resolución nº 5.176/13, de cinco de decembro de dous mil trece e tramitouse expoñéndose ao público e notificándose aos titulares catastrais. Remitiuse ás administracións sectoriais (Dirección General de Aviación Civil) que emitiu informe favorable o 19.02.2014 nº 2106 e da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ao afectar ás estradas da Xunta de Galicia: AC-174, AC-180 e VIAL-20 DA VIA ARTABRA, que emitiu informe favorable o 28 de abril de 2014.

O documento que se presenta para a aprobación definitiva (documento nº 8612 de 13.06.2014), foi informado favorablemente polo arquitecto municipal o día 19.06.2014 e pola coordinadora de servizos urbanísticos o 25.06.2014.

Corresponde ao Concello Pleno a aprobación definitiva do plan parcial de conformidade co art. 22 c) da Lei de Bases de Réxime Local.

Por isto ao Concello Pleno propónse que se adopte acordo co seguinte contido:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o documento presentado pola Asociación Xestora do SUD-7 “A Pezoca” denominado PLAN PARCIAL SUD-7 “A PEZOCA”, OLEIROS-A CORUÑA. Doc. Refundido de 13.06.2014 nº 8612, que comprende: Memoria comprensiva de Título 1, memoria xustificativa, ordenanzas reguladoras, plan de etapas, estudo económico financeiro, cadro de características do sector. Planos de información (13 planos) e planos de ordenación (18 planos)

As determinacións urbanísticas do Plan Parcial son as seguintes:

Parámetros	Plan Parcial
Superficie Sector	49.791,10 m ²
Densidade de referencia	214 viv , 45 viv/Ha



CONCELLO DE
OLEIROS

Edificabilidade bruta	22.831,95 m ² 0,48 m ² /m ²
Aproveitamento tipo	0,3608 m ² /m ²
Alturas	Colectiva en B + 3
Sistemas Xerais	
Variante Oleiros	7.043,83 m ² .
Ambulatorio Oleiros S-6	8.914 m ²
Equipamento Educativo D-15	1.097,77 m ²

Uso	% uso Plan Parcial	m ² edificabilidade
Vivenda colectiva libre	53,4 %	12.192,26 m ²
Vivenda colectiva de protección	35,6 %	8.128,18 m ²
Comercial en planta baixa	11% < 20%	2.511,51 m ²
TOTAIS	100%	22.831,95 m ²

	Reserva mínima LOUG		Reserva Plan Parcial
	m ² /100 m ² edif. / %	m ² solo	m ² solo
Espazos libres e públicos, parques, xardíns, ...	18 m ² /100 m ² edif. no menor do 10% do ámbito	4.109,75 m ² no menor de 4.979,75 m ²	5.503,11 m ²
Equipamento comunitario	10 m ² /100 m ² edif.	2.283,195 m ²	3.774,02 m ²
Aparcadoiros	2 pz/ 100 m ² edif. = 457 pz Mínimo 1/4 en vía pública = 114 pz		457 totais e 118 pz en vía pública, as 339 en parcelas privadas. 1 por cada vivenda protexida = 80. 2 por cada vivenda libre = 2x 134= 268



CONCELLO DE
OLEIROS

Segundo.- Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas (páxinas 59 á 66 ambas inclusive da memoria), no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Comunicar este acordo á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo), dándolle traslado dunha copia auténtica do expediente e de dous exemplares do PLAN PARCIAL SUD-7 "A PEZOCA", OLEIROS-A CORUÑA. Doc. Refundido 13.06.2014 nº 8612, debidamente dilixenciados pola Secretaría Xeral do Concello e en soporte vectorial (DWG, DXF ou DGN) ou SHAPE, xeoreferenciado sen protección e con identificación de códigos, así mesmo, no proxecto de normas vectorial, tódolos ficheiros deberán depender dun directorio ": \nome do proxecto" a fin de dar cumprimento á instrución da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Cuarto.- Remitir un exemplar do documento de Plan Parcial aprobado definitivamente xunto á certificación do acordo plenario de aprobación definitiva á Dirección General de Aviación Civil.

Quinto.- Dilixenciar o documento PLAN PARCIAL SUD-7 "A PEZOCA", OLEIROS-A CORUÑA. Doc. Refundido de 13.06.2014 nº 8612.

Sexto.- Arquivar o documento de data 31.10.2013 e nº de entrada 14837, ao quedar substituído polo que se aproba.

Sétimo.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva.

Oitavo.- Notificar á Comisión Xestora do Sector SUD-7.

Noveno.- O Plan Parcial é unha disposición xeral polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición."

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde e coa advertencia á que a fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 14 de xullo de 2014.-

Vº e Praxe
O alcalde,

Angel García Seoane

